





# SEMANA CASTELAO




O IES Félix Muriel, como cada ano, vai celebrar a

[Semana Castelao](#), do 29 de Xaneiro ao 2 de Febreiro de 2018, dedicada ao máis ilustre fillo de Rianxo, **Daniel Rodríguez Castelao**, figura central da escena cultural e política da Galiza do século XX, morto o 30 de Xaneiro de 1950 en Bos Aires.



Como centro educativo, queremos vincular esta semana de homenaxe a Castelao co [Día Escolar da Non Violencia e da Paz](#), que se celebra en lembranza da morte de Gandhi o 30 de Xaneiro de 1948. A razón desta vinculación está nun debuxo de Castelao pola paz, que foi o que milleiros de demócratas de Europa e de América enviaron en forma de tarxeta postal á ONU coa seguinte reivindicación: [Os pobos de España están agardando pola xustiza que as democracias prometeron.](#)

Desde o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do noso instituto, levamos anos reivindicando o 30 de xaneiro como o [Día da Paz Lingüística](#).



# PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Luns 29

**1º recreo e 2º recreo:** Proxección a cargo de **alumn@s de 2ºESO-D**, no Punto de lectura do corredor de:

- **Biografía dun ilustre galego (1)** (<http://vimeo.com/19333127>)
- Obra: **Álbum Nós** (<http://www.slideboom.com/presentations/1176712/ALBUM-N%C3%93S>)
- Música: **Un afogado, por Golden Piano Trio** ([https://youtu.be/Orpn\\_IDav3I](https://youtu.be/Orpn_IDav3I))

Martes 30

**Toda a mañá:** Exposición de globos coas cores da bandeira da paz e da bandeira galega no corredor principal. Neses globos o alumnado escribirá ou debuxará citas e gravados de Castelao, que recollan o seu pensamento. (Distribuirase un horario cos grupos participantes, propostos polo profesorado colaborador).

**1º recreo e 2º recreo:** Proxección a cargo de **alumn@s de 2ºESO-D**, no Punto de lectura do corredor de:

- **Biografía dun ilustre galego (2)** (<http://vimeo.com/19622636>)
- Obra: **Álbums de guerra. Galiza mártir** (<http://www.slideboom.com/presentations/2012339/Galiza-m%C3%A1rtir>)
- Música: **Lela, por Dulce Pontes e Carlos Núñez** (<https://youtu.be/OOWXfQO0yuU>)

**Aulas de 3ºESO-C, 3ºESO-D e 1ºESO-D:** Exposición da presentación **Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso**, a cargo de dous alumn@s de 2º de Bacharelato, Bernal e María.

Mércores 31

**1º recreo e 2º recreo:** Proxección a cargo de **alumn@s de 1ºBACH**, no Punto de lectura do corredor de:

- **Biografía dun ilustre galego (3)** (<http://vimeo.com/20173403>)
- Obra: **Álbums de guerra. Atila en Galiza** (<http://www.slideboom.com/presentations/2012340/Atila-en-Galiza>)
- Música: **Olla meu irmán, por Miro Casabella** (<https://youtu.be/QV1Ot7XLNJE>)

**Aulas de 4ºESO-D, 2ºESO-C e 4ºESO-A:** Exposición da presentación **Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso**, a cargo de dous alumn@s de 2º de Bacharelato, Bernal e María.

Xoves 1

**1º recreo e 2º recreo:** Proxección a cargo de **alumn@s de 1ºESO-B**, no Punto de lectura do corredor de:

- **Castelao e os irmáns da liberdade (Xan Leira)** (<https://youtu.be/4qZS5dgyKjg>)
- Obra: **Álbums de guerra. Milicianos** (<http://www.slideboom.com/presentations/2012343/Milicianos>)
- Música: **Compañeiro Daniel, por Suso Vaamonde** (<https://youtu.be/wc9irE4NXe8>)

**Aulas de 4ºESO-B, 2ºESO-B e 2ºESO-A:** Exposición da presentación **Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso**, a cargo de dous alumn@s de 2º de Bacharelato, Bernal e María.

Venres 2

**1º recreo e 2º recreo:** Proxección a cargo de **alumn@s de 1ºESO-B**, no Punto de lectura do corredor de:

- **Castelao, voz real desde unha radio española** (<https://youtu.be/OmYrw3I87Tg>)
- **Traída dos restos de Castelao a Galiza** (<https://youtu.be/tnI3b2h3M7U>)
- Obra: **Cousas da vida** (<https://youtu.be/oNYIFg5jCVI>)
- Música: **Castelao. De Chumbo a verba, por María do Ceo** (<https://youtu.be/QwoGFLNj3Fs>)

**Aulas de 4ºESO-C, 3ºESO-B:** Exposición da presentación **Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso**, a cargo de dous alumn@s de 2º de Bacharelato, Bernal e María.

